

REGULAMENTO DAS FIGURAS HONORÍFICAS DE *PROFESOR E INVESTIGADOR AD HONOREM* DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado por acordo do Consello de Goberno de 5 de xuño de 2015)

LIMIAR

O Consello de Goberno do 14 de marzo de 2008 aprobou o *Regulamento de Honras e Distincións da Universidade de Santiago de Compostela*. No seu artigo 1.4 establece que: “O Consello de Goberno poderá aprobar outros mecanismos de recoñecemento pola realización de actividades a favor da USC, tales como profesor ou investigador *ad honorem*, etc. que terán unha regulación específica.”

O Consello de Goberno do 25 de marzo de 2009 desenvolveu regulamentar a incorporación ocasional de relevantes profesionais que colaboren coa docencia e á investigación para que acheguen á universidade o coñecemento profesional, científico, técnico ou artístico que nace ou se actualiza tanto no campus universitario como fóra del. O nomeamento de persoas nesta categoría ten antecedentes noutras universidades e trátase dun nomeamento honorífico, sen dereito a retribución, que se atopa excluído das relacións laborais polo artigo 1.3.) d) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, considerando os traballos realizados a título de benevolencia.

De acordo cos fundamentos xurídicos mencionados, e a partir da experiencia recente, convén precisar que a natureza da figura de profesor *ad honorem* é allea á propia das figuras de persoal docente e investigador das universidades que se recoñecen na lexislación estatal e autonómica e, por suposto, nos Estatutos da USC. Non en balde, estes omiten a súa cita no capítulo II do Título I, onde se regula o réxime xurídico do persoal docente e investigador da USC. Máis especificamente, tamén os omiten da relación de figuras de profesorado contida no artigo 12, dándolle cabida, en cambio, no artigo 160.1c) do Título VI, sobre “Actos académicos, honores e distincións”.

É esa diferenza de natureza a razón subxacente ás características distintivas da figura de profesor *ad honorem*, tal e como a configura o presente regulamento: a identidade profesional dos receptores da distinción; o carácter dos seus méritos; o alcance das súas actividades unha vez adquirida a condición de profesor *ad honorem*; e o procedemento conducente á concesión da distinción. En primeiro lugar, aínda que poden recibir a distinción profesores da USC que non estean en activo, a figura esténdese a toda persoa que desenvolva a súa actividade fóra da universidade, esixíndose a uns e outros por igual, con independencia da súa procedencia, que concorran neles o prestixio profesional e a realización de achegas importantes á USC. Precisamente por iso, en segundo lugar, tales achegas non se limitan ás resultantes da actividade docente e investigadora, allea, por definición, a eses profesionais cuxo prestixio se gaña desempeñando outra clase de roles.

En último lugar, límitase o alcance da colaboración que é razoable esperar dos profesores *ad honorem* a actividades que en ningún caso supoñan o desempeño de tarefas docentes ou investigadoras regulares, é dicir, aquelas de cuxa ausencia poidan derivar alteracións estruturais, funcionais ou de asignación de recursos que dificultarían ou imposibilitarían o normal cumprimento dos fins de xeración e transmisión de coñecementos que dan sentido á universidade.

En virtude do anteriormente exposto, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa sesión do día 5 de xuño de 2015, acordou a aprobación do seguinte Regulamento.

Artigo 1. Obxecto: Profesores ou investigadores «ad honorem»

Poderán ser designados/as como profesores ou Investigadores *ad honorem*, para que colaboren desinteresadamente en actividades formativas ou investigadoras da USC, aquelas persoas que gocen dun relevante prestixio profesional no seu campo e teñan feita unha achega importante á institución universitaria.

Artigo 2. Condicións dos nomeamentos dos profesores ou investigadores «ad honorem»

- 1.- O nomeamento será honorífico.
- 2.- A colaboración será ocasional.
- 3.- A actividade do profesorado investigador circunscrita á figura *ad honorem* non dará dereito a retribución económica ningunha por parte da Universidade.
- 4.- A relación xurídica do profesorado ou persoal investigador *ad honorem* será de Dereito Administrativo, e considerárase a actividade realizada a título de benevolencia.
- 5.- A designación como profesorado ou persoal investigador *ad honorem* terá carácter vitalicio, pero a autorización da actividade na Universidade e os dereitos asociados limitaranse ao período dun curso académico, podendo prorrogarse anualmente até os 74 anos (incluídos).
- 6.- A reitora ou reitor, a proposta do Departamento, Instituto ou Centro de Investigación correspondente, ou por iniciativa propia, poderá revogar en calquera momento o nomeamento. Así mesmo, o profesorado ou persoal investigador *ad honorem* poderá renunciar a el en calquera momento sen que teña que motivar causa ningunha. Tamén cesará como tal no caso de que pase a ter unha vinculación contractual ou estatutaria coa USC.

Artigo 3. Requisitos para o nomeamento de profesorado ou persoal investigador «ad honorem»

Só se poderá autorizar o nomeamento honorífico de profesorado ou persoal investigador *ad honorem* no caso de que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que o candidato ou candidata sexa unha persoa de relevante prestixio profesional e teña realizado achegas importantes á institución universitaria.
2. Que o candidato ou candidata acredite que se atopa en situación de alta, alta especial ou situación asimilada á de alta na Seguridade Social ou mutualidade equivalente (nacional ou internacional), mediante certificado expedido polo órgano competente. O cumprimento do devandito requisito deberá acreditarse debidamente actualizado.
3. Ter menos de 75 anos de idade.
4. Non estar afectado pola normativa sobre incompatibilidades (art. 1.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro).

Artigo 4. Actividades de colaboración do profesorado ou persoal investigador «ad honorem»

1.- Cada profesor ou profesora *ad honorem* poderá colaborar na impartición dun máximo de dez horas lectivas por curso académico. En caso de que estas se encadren en materias regradas da oferta docente da Universidade, non computarán para os efectos do cálculo da capacidade docente lectiva da área.

2.- Os investigadores *ad honorem* poderán colaborar en actividades de asesoramento e investigación, incluídos contratos, convenios ou proxectos de investigación, neste caso sen que a súa dedicación presencial sexa superior a catro horas á semana ou o seu equivalente anual.

3.- Así mesmo, poderán colaborar na organización doutras actividades académicas ou de investigación non regradas (congresos, conferencias, encontros, grupos de traballo, etc.).

Artigo 5.- Uso dos servizos da Universidade.

Ao profesor ou investigador *ad honorem* poderá expedírselle a tarxeta universitaria de identificación (TUI) e terá acceso aos servizos inherentes á aquela; disporá dunha conta

de correo electrónico e de acceso aos servizos en rede da universidade; así como a outros que se estipulen no seu caso.

A proposta e nomeamento dun profesor ou investigador *ad honorem* non poderá utilizarse en ningún caso como argumento pola unidade propoñente para, de forma directa ou indirecta, demandar novos espazos de traballo nos respectivos centros ou para manter os existentes.

Artigo 6. Procedemento

1. O recoñecemento como profesorado ou persoal investigador *ad honorem* será proposto polo reitor ou reitora ao Consello de Goberno. A iniciativa, debidamente motivada, deberá contemplar unha memoria de colaboración e o currículo actualizado da candidata ou candidato. Así mesmo, calquera membro, colectivo ou órgano colexiado da Comunidade Universitaria poderá enviar á reitora ou reitor propostas de recoñecemento de profesores ou investigadores *ad honorem*.
2. A reitora ou reitor realizará a correspondente designación para o desempeño da actividade de profesor ou Investigador *ad honorem*, en execución do acordo adoptado, indicando o Departamento, Instituto ou Centro de Investigación ao que se adscribe e o tipo de actividade á que se orienta dito recoñecemento, e expedirá o Diploma acreditativo de tal condición e, de ser o caso, a *venia docendi*.
3. A consideración de profesor ou investigador *ad honorem* quedará supeditada á aceptación da persoa interesada de realizar a actividade proposta.
4. A Secretaría Xeral levará un rexistro electrónico para cada unha das distincións ás que fai referencia este Regulamento. Sen prexuízo do anterior, a USC poderá facer públicas todas as distincións na súa Sede Electrónica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As persoas xa designadas con esta distinción honorífica aplicaráselles o presente Regulamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O profesorado en activo da USC e as outras figuras establecidas na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, que formen parte do PDI en activo, non poderá acceder á figura de profesor ou investigador *ad honorem*.

DISPOSICION TRANSITORIA

Os nomeamentos ou prórrogas do profesorado ou persoal investigador *ad honorem* concedidas con antelación á publicación deste Regulamento terán vixencia ata o 31 de agosto de 2015.

DISPOSICION DERROGATORIA

Quedan derogados o acordo de Consello de Goberno do 25 de marzo de 2009, polo que se aproba o *Regulamento das figuras honoríficas de profesor e investigador ad honorem da Universidade de Santiago de Compostela*, e aqueloutra normativa que se opoña ou contradiga ao establecido no presente acordo.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC : <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>